

23 de novembro ás 22.30 h "Cranios privilexiados"

Prezo da entrada: 3,06 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Mofa & Befá
- ▶ **XÉNERO:** Comedia
- ▶ **ACTÚAN:** Josito Porto e Víctor Mosqueira
- ▶ **DURACIÓN:** 85'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** A partir de 13 anos
- ▶ **SINOPSE:** O diálogo filosófico, xénero referencial do espectáculo, vai fornecer toda unha galería de personaxes susceptíbeis de ser conxurados sobre o palco por Mofa e Befá, desde filósofos históricos, como Sócrates, Pitágoras, Kant ou Nietzsche, até filósofos totalmente descoñecidos, como Polemón, o máis grande filósofo galego de todos os tempos. Outros motivos filosóficos alimentarán o caudal argumental de Cranios Privilexiados, como a eterna loita entre o ben e o mal, exercicios de sátira lingüística sobre o ser e a nada ou os paradoxos lóxicos máis atroces. Tamén o desfile de personaxes da vida real, contrapunto obrigado de tanto elevado pensador, como testemuñan innúmeros casos da literatura filosófica.

30 de novembro ás 22.30 h "Vida de cans"

Prezo da entrada: 3,06 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Talía Teatro
- ▶ **XÉNERO:** Comedia
- ▶ **ACTÚAN:** Dani Trillo, Rubén Prieto e Artur Trillo
- ▶ **DURACIÓN:** 80'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** Adultos (N.R.M 13 anos)
- ▶ **SINOPSE:** Tres actores. Tres cans. Ou tres actores que fan de can. Sen deixar de ser actores. Sen deixar de ser cans. Están recluídos nun recinto que lles preparou o seu amo. Moi grande, moi cómodo, moi ameno, moi limpo... pero recinto Ben tratados, ben atendidos, ben alimentados, ben acariñados... pero recluídos. Fóra do recinto está a liberdade. Cos seus desacougos, as súas incertezas, os seus problemas, os seus perigos... pero liberdade. Cada un dos tres afronta o conflito segundo a súa personalidade. Ou segundo a súa canalidade. E todo vai derivando cara unha traxedia... que nunca deixa de ser comedia. Comedia absurda. Comedia paródica. Comedia metafórica.

PONTECESO

XXVI CICLO DE TEATRO

2, 9, 19, 23 e 30
de
Novembro
2019



ÁS 22.30 H
NO SALÓN DE
ACTOS DO EDIF.
DAS ESCOLAS

RESERVA de
ENTRADAS
Na Tesourería



ORGANIZA:

CONCELLO DE
PONTECESO
Departamento de Cultura

SUBVENCIONA:



Deputación
DA CORUÑA

2 de novembro ás 22.30 h

“Elisa e Marcela”

Prezo da entrada: 3,06 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** A Panadaría
- ▶ **XÉNERO:** Comedia
- ▶ **ACTÚAN:** Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman
- ▶ **DURACIÓN:** 80'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** A partir de 12 anos
- ▶ **SINOPSE:** Ano 1901, A Coruña.

Dúas mulleres casan na Igrexa de San Xurxo, unha delas vestida de home. Unha historia de persecucións policiais, fuxidas en dilixencia, cambios de identidade e informacións manipuladas. As cómicas de A Panadaría presentan unha reconstrución irreverente dun suceso real. Unha comedia musical onde o verídico parece invento. Elisa e Marcela é unha historia de amor a contratempo.

Elisa e Marcela é unha coprodución de A Panadaría co Centro Dramático Galego, Concello e Deputación da Coruña, Concello de Vimianzo e Concello de Rianxo.

Con esta montaxe reciben 4 premios María Casares (entre os que se atopa Mellor Espectáculo); o premio Luísa Villalta para Iniciativas Culturais pola Igualdade, o XIV Premio LGBT Marcela e Elisa do Colectivo ALAS, o Premio do Público na MIT de Ribadavia 2018, o Premio do Público no FETEGA do Carballiño 2018 e o Premio á Mellor Actriz ex-aequo (Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman) no FETEGA do Carballiño 2018.

9 de novembro ás 22.30 h

“5 mulleres que comen tortilla”

Prezo da entrada: 3,06 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Señora Supina
- ▶ **XÉNERO:** Comedia de texto
- ▶ **ACTÚAN:** Nola Drake, Raquel Ferraz, Alba Outeda, Raquel Crespo e Gabi Modesto
- ▶ **DURACIÓN:** 80'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** A partir de 12 anos
- ▶ **SINOPSE:** Ano 1956, América.

A Sociedade de Susan B. Anthony das Irmás de Gertrude Stein celebra o seu tradicional Concurso Anual de Tortillas. Este idílico encontro, no que renderán culto a un dos produtos máis maravillosos do mundo, o ovo, vese truncado cando as mulleres teñen que enfrontarse á caída dunha bomba atómica na súa localidade. Son as últimas superviventes e o medo trae confesións e historias do pasado que farán que cada vez se reafirmen máis na idea de que a tortilla é o máis importante que teñen nas súas vidas.

“5 mulleres que comen tortilla” é unha comedia delirante e enxeñosa que transporta ao espectador á América dos anos 50 grazas ao humor e a unha coidada posta en escena totalmente inmersiva. Un búnker esmeradamente decorado no que se integra ao público desde que entra pola porta, asignándolle a cada persoa un nome. Cada un dos espectadores é unha máis das irmás, unha máis das viúvas convidadas ao concurso de tortillas de Susan B. Anthony.

16 de novembro ás 22.30 h

“Bernarda”

Prezo da entrada: 3,06 €

- ▶ **COMPAÑÍA:** Malasombra
- ▶ **XÉNERO:** Drama con humor
- ▶ **ACTÚAN:** Luisa Merelas, Esther Aja e Celia González
- ▶ **DURACIÓN:** 75'
- ▶ **PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO:** A partir de 14 anos
- ▶ **SINOPSE:** 1975. Unha vila de Galicia.

Bernarda queda viúva o mesmo día da morte de Franco. Quédanlle dúas fillas mozas e xemelas. Bernarda decreta o estado de loito.

Durante dous anos non poden ver a televisión, nin escoitar a radio, nin ler revistas. Durante dous anos só poden saír da casa para ir á misa, á tenda ou ó cemiterio.

Durante dous anos as contras deben estar pechadas día e noite. Fóra, a sociedade da transición está cambiando. Dentro, Bernarda fai todo o posible para que eses cambios non entren na súa casa.